

**ASUNTO:** Corrección de erro material no decreto da alcaldía de data 15/03/2022 e no Bando ditado no seu cumprimento o 18/03/2022, de reordenación da mobilidade e peche da circulación rodada parcial para vehículos motorizados dun treito da avenida da Raíña Vitoria Uxía

Examinada a documentación que obra no presente expediente, resultan acreditados os seguintes **feitos:**

**Primeiro.-** Baixo o expediente número 2021/BANDO/000003 e mediante decreto da Alcaldía de data 15/03/2022 acordábase a reordenación da mobilidade e o peche da circulación rodada parcial para vehículos motorizados dun treito da avenida da Raíña Vitoria Uxía; decreto que foi feito público mediante Bando da Alcaldía de data 18/03/2022.

**Segundo.-** Constátase de oficio a existencia dun erro material no punto 5º da parte expositiva do Decreto e Bando referidos no tocante, exclusivamente, á dirección do fluxo de circulación entre a Ponte da Barca e a rúa de Eduardo Pondal, no que deberá dicir *“no eido ou fluxo de circulación que atravesaba o centro de oeste a leste entre a Ponte da Barca e a avda Eduardo Pondal”* no canto de *“no eido ou fluxo de circulación que atravesaba o centro de norte a sur entre a Ponte da Barca e a Avda Eduardo Pondal”*, que figura por erro no decreto e no Bando citados.

Considéranse de aplicación os seguintes **fundamentos xurídicos:**

**Primeiro.-** O artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faculta á Administración para rectificar, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

**Segundo.-** A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Alcaldía, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases do réxime local e no Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

Atendendo ao exposto, a Alcaldía do Concello de Pontevedra **RESOLVE:**

#### **Acordo**

**Primeiro.-** Corrixir o erro material advertido no texto do punto 5º da parte expositiva do decreto da Alcaldía de data 15/03/2022 e, en consecuencia, no Bando desta Alcaldía ditado en data 18/03/2022 ao abeiro do amentado decreto, polo que se reordena a mobilidade e se decreta o peche ao tráfico da circulación rodada parcial para vehículos motorizados dun treito da avenida da Raíña Vitoria Uxía, con base e de conformidade cos feitos e fundamentos xurídicos expostos, facendo constar que onde di *“(...) no eido ou fluxo de circulación que atravesaba o centro de norte a sur entre a Ponte da Barca e a Avda Eduardo Pondal”*(...) debe dicir: *“(...) no eido ou fluxo de circulación que atravesaba o centro de oeste a leste entre a Ponte da Barca e a avda Eduardo Pondal”* (...).

**Segundo.-** Ratificar integramente o resto dos pronunciamentos contidos no decreto da Alcaldía de data 15/03/2022 e no bando ditado en data 18/03/2022, con publicación de anuncio desta corrección na sede electrónica municipal.

Así o dispuxo e ordenou o Sr. Alcalde do Concello de Pontevedra, o día que figura na sinatura electrónica, do que dá fe o Secretario da Administración Municipal.

